



Plan de Axudas Programa LEADER 2014-2020

Territorio GDR– Costa da Morte.
O ámbito territorial de actuación do programa xestionado polo **GDR–Costa da Morte** correspóndese cos seguintes concellos:

- > Cabana de Bergantiños
- > Camariñas
- > Carballo
- > Carnota
- > Cee
- > Corcubión
- > Coristanco
- > Dumbria
- > Fisterra
- > A Laracha
- > Laxe
- > Malpica
- > Mazariños
- > Muxía
- > Ponteceso
- > Vimianzo
- > Zas

Edificio Servicios Múltiples,
Rúa A Torre, s/n,
15129 - VIMIANZO
T. 678 648 065

Centro Comarcal de Bergantiños,
A Camposa, s/n, Buño,
15111 – MALPICA DE BERGANTIÑOS
T. 608 633 222

+ info 981 71 73 58
gdrcostadamorte.com

MUXÍA

PATRIMONIO

Dentro do patrimonio de Muxía sobresa o Santuario de Nosa Señora da Barca, un importante centro de culto mariano. Este templo de estilo barroco (s.XVI), emprazado nas mesmas rochas ao pé do mar, ten dúas torres con dous corpos de arcos e no interior atópanse os sepulcros dos condes de Maceda e un retablo de Miguel de Romay.


Relixioso

A fermosa igrexa de Santa María (s. XIII), na vila de Muxía, é un fermoso templo do románico no que destacan o arco apuntado da porta principal apoiado sobre dous capiteis de mármore, e no interior unha capela gótica e os retablos con imaxes.

A pequena igrexa de San Pedro de Leis de Nemanco (s.XII), situada no lugar de Leis, por onde pasa o Camiño de Santiago é un precioso exemplo do románico, na fachada destaca unha porta con arquivoltas sostida por columnas pegadas e o tímpano semicircular é de influencia musulmá.

O Mosteiro de Moraime (s.XII), declarado Conxunto Histórico-Artístico é o resto dun antigo mosteiro beneditino, construído sobre unha antiga necrópole romana, no mesmo lugar onde estaba unha ermida que fora arrasada, primeiro polos normandos e logo polos sarracenos.

Destaca a porta da fachada, protexida por un pórtico con tres arquivoltas semicirculares apoiadas sobre columnas; a ambos lados do edificio hai dous rosetóns e dúas torres de altura desigual.



No tímpano da porta sur está representada a Última Cea. E no interior hai retablos, imaxes e pinturas que ilustran os sete pecados capitais.

Santa Leocadia de Frixe (s.XII), é unha interesante igrexa románica. Na parte externa conserva varios canzorros con temas vexetais e figuras de animais. No testeiro hai unha fermosa ventá con dúas columnas acodilladas. Outros templos do románico son as igrexas de San Cristovo de Nemiña e San Martiño de Ozón.


Civil

Dentro da arquitectura civil hai diversas casas pertencentes á fidalguía, entre as que destacan os pazos de Serantes, Senande e o pazo de Quintáns, en Ozón, que data de 1606 e que ten uns xardíns moi fermosos.

O CAMIÑO DE SANTIAGO

Aínda que a peregrinación xacoeba remata en Santiago de Compostela, case dende o descubrimento do sepulcro do apóstolo Santiago (s.IX), peregrinos de toda Europa decidían prolongar a súa viaxe ata A Costa da Morte; motivados pola mitoloxía relixiosa.



O Santuario da Barca en Muxía é punto final do Camiño de Santiago a Muxía – Fisterra; aquí chegan miles de peregrinos cada ano ao lugar onde arribou a Virxe nunha barca de pedra para infundir ánimos e forza ao Apóstolo Santiago, segundo nos conta a lenda.



ROMARÍA DA VIRXE DA BARCA

A romaría da Barca de Muxía é unha celebración de culto moi antiga, que se remonta á fundación da primeira capela no século XI e XII; é a máis importante da Costa da Morte e está recoñecida como Festa de Interese Turístico Nacional.

Unha celebración onde se mestúran sen complexos o fervor relixioso e os antigos rituais de adoración ás pedras. Comeza o segundo domingo de setembro congregando a milleiros de fregueses que chegan de toda Galicia e incluso de fóra. Moitos son os romeiros que veñen camiñando desde os seus lugares de orixe en cumprimento da súa "promesa". Os oficios relixiosos succédense cada día, e a xente achégase a visitar as pedras do santuario e reproducir ancestrais rituais, pasando por debaixo da Pedra dos Cadrís ou abalando a Pedra de Abalar, das que se cre que teñen propiedades curativas. Durante estas festas, na vila de Muxía conflúen miles de persoas chegadas de todas partes a gozar da festa dun xeito diferente.



FESTAS

En Muxía celébranse moitas festas ó longo do ano, pero as máis significativas son a Romaría da Barca, a Festa do Congro e o Mercado das Rutas do Mar.

O Venres Santo ten lugar A Festa do Congro, unha interesante celebración gastronómica para a exaltación do produto máis típico de Muxía, "o congro". Durante toda a xornada pasarárúas e actuacións musicais animan a vila, mentres que os visitantes e veciños degustan o peixe elaborado das máis diversas maneiras, en empanada, caldeirada, á prancha, etc. Unha proposta moi tentadora para o padal.

Durante o mes de agosto, ten lugar o "Mercado das Rutas do Mar", unha festa na que o pobo de Muxía celebra a súa cultura e tradición mariñeira. Todo o pobo éncense de xente, de postos de artesanía e gastronomía; e a música e o teatro de rúa fan que nos mergullemos nun mundo de piratas, mariñeiros, campesiños, e persoaxes ilustres como Rosalía de Castro, nun ambiente festivo que non te debes perder.

O primeiro domingo de setembro poderás asistir a Festa Cabalar de Quintáns, un plan estupendo para pasar un día diferente e para todos os afeccionados ao mundo dos cabalos. Hai interesantes actividades durante toda a xornada, como paseos a cabalo, xantar campestre e demostración libre de andadura, trote e doma, ademais de divertidos xogos populares e infantís.

NATUREZA

A natureza do concello de Muxía está marcada polo extenso e variado contacto coa costa; desde a ría de Camariñas ata a desembocadura do río Castro, en Lires, pasando polo Cabo Touriñán, o litoral debuxa unha paisaxe moi diversa, na que se suceden os cantís, praias salvaxes de mar aberto como Nemiña, ou arenais máis tranquilos onde conflúen o monte, o río e o mar, como nas praias de Lago e a dos Muíños.

Un territorio moi diverso, no que ademais da privilexiada paisaxe do mar, descubrirás unha natureza de interior fascinante.

As Caldeiras do Castro, están nun lugar dunha beleza e dun encanto incomparable; o río forma saltos de auga e piscinas naturais onde e moi apetecible darse un baño.

Moi preto a capela de Santo Outel do Castro e o merendeiro invitan a facer un alto no camiño para descansar no medio da natureza.

Facer o Paseo do río Negro e Fonte da Tella, é unha experiencia moi aconsellable; atoparás un total de dezasete muíños que forman un interesante conxunto etnográfico á beira do río Negro, un paseo fluvial rodeado de natureza que remata na desembocadura do río na praia de Area Maior.

O Merendeiro da Ponte Constante goza dunhas excelentes vistas paisaxísticas, ademais de ser un lugar idóneo para a práctica de deportes e actividades de sendeirismo, pesca fluvial e turismo activo.

SANTUARIO DA VIRXE DA BARCA E AS PEDRAS SANTAS

En gran parte a maxia da Costa da Morte nace da súa riqueza lendaria e da forza e o arraigo dunha cultura ancestral que aínda se palpa en moitos lugares.

Rituais que fan referencia ao "culto ás pedras" aínda seguen viventes, pero a través de ritos que se inclúen dentro da devoción católica; dando orixe a santuarios tan importantes coma o da Virxe da Barca.

Neste templo de estilo barroco (s.XVI), enclavado nas mesmas rochas nas que bate o mar embravecido, hai unha atmosfera indiscrutable que o envolve todo, o fervor relixioso mestúrase coa tradición popular das "pedras santas".

A tradición atribúe ás pedras da contorna do santuario propiedades curativas e adivinatorias, o que deu lugar a rituais como o de abalar a Pedra de Abalar, unha xigantesca laxa que chama á solidariedade da xente para poder movela, ou a cerimonia da pedra dos Cadrís, o "rito do paso", que consiste en pasar nove veces por debaixo para curar as enfermidades dos cadrís ou as dores das costas. A xente tamén se achega á Pedra dos Namorados e a Pedra do Temón.

PRAIAS

No litoral de Muxía as praias se suceden, se o percorres descubrirás pequenas calas, tranquilos arenais de augas cristalinas e praias salvaxes abertas ao océano.

A praia de Nemiña, é un referente no ámbito do surf e do body board, un punto de encontro internacional para os amantes destes deportes, ademais de ser un entorno natural privilexiado.

As praias dos Muíños, Lago e Leis son moi tranquilas e apracibles e están situadas nun entorno natural. A Cruz, Espiñeirido, Arliña e Lourido son as praias máis próximas á vila de Muxía, e as de maior afluencia. Moreira é unha pequena praia de bolos, rodeada dunha típica paisaxe rural.

CABO TOURIÑÁN

Cabo Touriñán é o punto máis occidental de Galicia e da España peninsular. Un deses lugares emblemáticos da Costa da Morte, de fortes ventos e temporais, onde a inhóspita terra se introduce un quilómetro no océano Atlántico.

Facer a pé os 17 quilómetros, que separan a Muxía do Cabo Touriñán é unha excelente oportunidade para coñecer este salvaxe tramo do litoral; contemplar unha posta de sol desde este finisterrae é un espectáculo da natureza que non te podes perder.



GDR COSTA DA MORTE

UN TERRITORIO CHEO DE RIQUEZAS

GDR Costa da Morte somos unha asociación sen ánimo de lucro creada para integrar e representar aos diferentes axentes territoriais, institucionais, sociais e económicos, tanto públicos como privados, interesados en promover o desenvolvemento deste territorio.

As nosas competencias abarcan desde a xestión de axudas do Programa "Leader Galicia 2014-2020" ata a promoción e divulgación do noso territorio. Informamos e asesoramos á poboación rural sobre os programas de desenvolvemento rural e incentivamos a participación activa nos mesmos, ademais de promover e captar iniciativas acompañando aos promotores no proceso de maduración dos proxectos.

Outra vertente do noso traballo é dar a coñecer os valiosos recursos e o gran patrimonio destas terras, dende o turismo, a gastronomía, o patrimonio inmaterial, artístico, arqueolóxico ou natural.

O GDR Costa da Morte está composto por 17 concellos: Cabana de Bergantiños, Camariñas, Carballo, Carnota, Cee, Corcubión, Coristanco, Dumbria, Fisterra, A Laracha, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Muxia, Ponteceso, Vimianzo e Zas.

Cada concello é único e aporta un gran valor á nosa iniciativa, desde recursos naturais, económicos, turísticos, culturais, gastronómicos, patrimoniais ata iniciativas pioneiras da nosa xente; o aproveitamento e a divulgación destes bens promoven o desenvolvemento do noso ámbito.


Coñecelos todos é descubrir unha gran parte da riqueza da nosa terra.

RUTAS






















-  CAMIÑO DE SANTIAGO
-  R1 MEGALÍTICA
-  R2 DO ROMÁNICO
-  R3 DA PAISAXE
-  R4 DOS FAROS
-  R5 FÁBRICA DA LUZ
-  R6 DO RÍO ANLLÓNS
-  R7 CAMIÑO DA RIBEIRA
-  R8 SANTO HADRIÁN
-  R9 OS PINOS NO MAR
-  R10 DAS PRAIS
-  R11 DAS FÉRVEDAS

QR

Amplia información da Costa da Morte



SIMBOLOXÍA

- | | | | |
|---|----------------------|---|--|
|  | Camino de Santiago |  | Ponte |
|  | Punto de información |  | Conxunto Histórico |
|  | Aula da Natureza |  | Lonxa Fisterra |
|  | Cemiterio de Cores |  | Petroglifo |
|  | Muíño |  | Marco do Couto |
|  | Igrexa Santuario |  | Dolmen |
|  | Pazo |  | Museo |
|  | Castelo Torre |  | Praia |
|  | Cruceiro |  | Fervenza Encoro |
|  | Horreo |  | Faro |
|  | Museo do Alemán |  | Paisaxe |
|  | Pedras Máxicas |  | Centro de Interpretación Monte Pindo e Fervenza do Ézaro |

